

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

**Certifico:** Que o Pleno do Concello de Ames, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2017 adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“Punto Sétimo.- Modificación Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames período 2017-2018-2019, para incluír a liña de axudas para a promoción de medidas preventivas mediante plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do Concello de Ames.**

(.....)

Rematadas as intervencións, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.- Aprobar a modificación do Plan estratéxico de subvencións 2017-2018-2019 para incluír a seguinte liña de axudas:**

	LÍNEA DE SUBVENCIÓN	DE	DESTINATARIOS	CUSTE ANUAL	FUNCIONAL	FINANCIACION	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN
SUBVENCIÓN EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE	Axudas para a promoción de medidas preventivas mediante a plantación de frondosas caducifolias na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa		Proprietarios dos terreos incluídos nas franxas de xestión de biomasa priorizadas anualmente no Plan Municipal de medidas preventivas contra incendios	12.904,32	1729-48	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva

**Segundo.- Publicar o Plan estratéxico de subvencións modificado na páxina web do concello.**

**Terceiro.- Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado”.**

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente certificación co visto e prace do señor alcalde en Ames, a 29 de decembro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo